

RESOLUCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DA AXUDA AO GDR AO GDR 09 ASOCIACIÓN MONTEVAL PARA OS GASTOS CORRENTES OU DE FUNCIONAMENTO (SUBMEDIDA 19.4A) CON CARGO Á ANUALIDADE 2022

I.- Datos identificativos

- GDR: 09 - Asociación Monteval
- Anualidade: 2022
- Expediente: Para gastos correntes (submedida 19.4A): L22-1940-09-A006

II.- Antecedentes

- A cláusula 10ª do convenio de colaboración entre a Agader e o GDR establece un importe máximo de cento cincuenta e catro mil douscentos catorce euros con setenta e cinco céntimos (154.214,75€) que o GDR poderá dedicar a gastos correntes (19.4A) e á animación (19.4B) con cargo á anualidade 2022. Tamén sinala que lle corresponde á Agader a autorización anual do orzamento máximo de que disporá o GDR para esta tipoloxía de gastos, que nunca poderán superar o 25% do gasto público total en que incorra o GDR no marco da estratexia de desenvolvemento local. En relación a estes aspectos, os importes para os que se pide a autorización de gastos nas submedidas 19.4A e 19.4B da medida Leader, sitúanse dentro das disponibilidades orzamentarias sinaladas na citada cláusula 10ª do convénio

-O día 09/03/2022 tivo entrada no rexistro da Agader solicitude de autorización do GDR 09 - Asociación Monteval pola que se prevía un importe para gastos correntes con cargo á submedida 19.4A por un importe global de cento trinta e cinco mil trinta e seis euros con cincuenta e tres céntimos (135.036,53€), para a anualidade 2022.

III.- Fundamentos legais

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección, publicado mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 (*DOG* núm. 42, do 2 de marzo).

- Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatória sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de GDR como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR, asinado o 13 de decembro de 2016, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida LEADER de Galicia, cofinanciado co

AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Adenda ao convenio de colaboración entre a Agader e o GDR, asinada o 11 de decembro de 2020.

- Acordo do Consello de Dirección da Agader, do 13 de decembro de 2019, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se publican mediante a Resolución do director xeral da Agader do 13 de decembro de 2019 (DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2019). Mediante Acordo do Consello de Dirección da Agader, do 10 de marzo de 2021, modificáronse as citadas bases reguladoras (DOG núm. 53 do 18 de marzo de 2021).

A competencia para resolver sobre as autorizacións solicitadas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do Acordo do 13 de decembro de 2019.

RESOLVO

Conceder ao GDR **09 Asociación Monteval** a axuda para o ano 2022 con cargo a gastos correntes da submedida 19.4A do PDR de Galicia 2014-2020, de acordo coas condicións que a seguir se indican:

Código expediente	L22-1940-09-A006		
Beneficiario	Asociación Monteval	NIF	G32387227
Proxecto	2016 00002	Referencia	2016-13-10487
Aplicación orzamentaria	14.A1.712A.781.0	Importe Total	135.036,53 €

O orzamento presentado e aprobado desagregado por partidas é o seguinte

CONCEPTO	Orzamento presentado	Orzamento aprobado
I-Gastos de persoal	99.696,53	99.696,53
II-Axudas de custe do persoal técnico do GDR	2.500,00	2.500,00
III-Asistencia a xestión	3.000,00	3.000,00
IV- Suministros exteriores	4.000,00	4.000,00
V-Inmobles e equipos	6.900,00	6.900,00
VI-Outros gastos	18.940,00	18.940,00
TOTAIS	135.036,53	135.036,53

AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





IVE subvencionable.

Non se esclúe ningún concepto dos presentados no orzamento

O importe da axuda, que se financiará con cargo á conta orzamentaria 14.A1.712A.781.0, e a % de axuda desagregado por fontes de financiamento é o seguinte:

Orzamento aceptado	135.036,53			
% Axuda	100,00%			
Importe da axuda	135.036,53	<i>Distribución por fondos</i>		
		FEADER	75,00%	101.277,40
		MAPA	2.50%	3.375,91
		AGADER	22,50%	30.383,22

- A axuda correspondente a estes gastos é incompatible con calquera outra que, para os mesmos gastos, leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e da súa tipoloxía. En particular, será incompatible con calquera axuda cofinanciada con Feader.
- A intensidade da axuda con cargo á estratexia para os gastos de funcionamento poderá ser do 100%.
- O GDR poderá obter financiamento suplementario ou recursos materiais dos seus asociados ou doutras entidades para eses fins. Non obstante o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.
- O GDR deberá executar e xustificar os gastos correntes de funcionamento (19.4A) seguindo as regras xerais previstas no Réxime de Axudas. Ademais, deberá acreditarse a moderación de custes, calquera que sexa a contía do gasto subvencionable, mediante o sistema adecuado de valoración que estableza a Agader no Réxime de Axudas ou en instrucións ditadas ao efecto. Dito sistema de valoración de custes poderá consistir no establecemento de custes máximos de referencia, na comparación de polo menos tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á asunción do gasto ou no establecemento de prezos máximos por un comité de avaliación que designe a Agader.
- A Agader pagará os gastos correspondentes aos custes correntes da estratexia de desenvolvemento local, do seguinte xeito:
No caso de solicitude do GDR, poderá concederse un anticipo de ata o 50% do orzamento disponible en cada anualidade, unha vez xustificadas os gastos en custes correntes da anualidade anterior.





O importe restante da anualidade liberarase unha vez que se xustifique o anticipo e a medida que o GDR presente as solicitudes de pago xunto coa documentación xustificativa das mesmas.

Os gastos poderán ser xustificados mensualmente ou, se é o caso, no momento do esgotamento do anticipo; sendo o 5 de novembro de 2022 o último día de prazo para a execución e xustificación do orzamento así como para a presentación da documentación xustificativa ante AGADER. Unicamente serán elixibles os gastos causados na anualidade na que o GDR solicite o seu pagamento, agás os gastos nos que incorra o GDR nos dous meses finais de cada anualidade, que poderán ser imputados polo GDR con cargo ao orzamento dispoñible da anualidade inmediatamente posterior (esta excepción non será aplicable na anualidade final do programa).

Segundo dispón a cláusula 12ª do Convenio de colaboración, o GDR poderá percibir pagamentos a conta e pagamentos anticipados por importe conxunto de ata o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, respecto dos gastos en custes correntes. Así mesmo, exímese ao GDR da constitución de garantías nos pagamentos a conta que poida percibir en relación cos citados gastos en custes correntes, cando o importe conxunto de pagamentos a conta e de pagamentos anticipados sexa superior aos 18.000 euros. Cando o GDR non precise os equipamentos adquiridos con cargo á estratexia, destinaranse a entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades vinculadas ao desenvolvemento rural.

- F. Para a xustificación dos gastos derivados desta resolución de concesión de axuda será esixible, en función do tipo de gasto imputado, a acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos na Instrución 1/2021, sobre a aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, aos GDRs pola súa condición de poderes adxudicadores que non teñen a condición de Administración Pública.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela
Na data da sinatura dixital
O Consello de Dirección de Agader
(P.D.: Acordo do 13.12.2019)
A directora xeral de Agader
Inés Santé Riveira

AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal

